



CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

BOLETÍN Nº 161
febreiro 2026

MAGOSTO SOCIAL 9 de novembro

O refuxio do Aloia volveu ser o mellor escenario para celebrar unha das festas máis esperadas do ano, o magosto.

Co magosto entramos de cheo nas actividades de outono-inverno que nos levan polos máis fermosos sendeiros e montañas nevadas.

A inmensa cheminea do refuxio da calor e asa castañas para todos os socios que por alí se achegan. Algúns xa acoden a primeira hora para acender o lume, outros chegan coas viandas para comer alí e compartir mesa.

Outros incorpóranse máis tarde para dar boa conta das castañas.



COMEZO DO ANO MONTAÑEIRO NO GALIÑEIRO 1 de xaneiro

A xa clásica ascensión ao galiñeiro non podía faltar.

Sempre hai un puñado de valentes que se atreven a subir, en medio do vento e a chuvia, a ritmo de gaita, para dar a benvinda ao novo ano e así, como se dunha ofrenda se tratase, propiciar novas e emocionantes aventuras montaíneas.

O equipo de avituallamento agardábaos cun lume acendido no refuxio.



Toñi Sualonso

"Benquerido" amigo Toñi.

Nesta fría e ventosa tarde do xoves, comunicáronme que xa marcharas deste insolidario e pouco comprensible mundo que agora nos toca vivir.

Meu amigo, normalmente deberías ser ti quen quedase aquí, mentres eu camiñaba cara a esa montaña da cal xa non se regresa nunca, pero querido amigo, sabemos que ao destino e as súas razóns non o podemos manexar como ben quixeramos.

De todas as maneiras amigo Toñi, xa sabes que as boas persoas coma ti nunca abandonades totalmente este mundo, non podeades facelo, deixades aquí moitos recordos en forma de imaxes, palabras e xestos.

Querido amigo, recórdote, case neno, a ti e a teu irmán Santi. Sempre na montaña cos vosos pais Antonio e Ángeles, veteranos e recoñecidos montañeiros. En todas as actividades de Montañeiros Celtas a familia Suárez sempre estaba presente.

Alí estabas Toñi, naquel

Campamento Internacional da Federación Española de Montañismo do ano 1994, ascendendo ao Monte Perdido ao lado de teus pais cos teus 9 anos nas costas. Despois, compartimos xuntos moitos momentos de vida na montaña e tamén en actividades de espeleoloxía, actividade na que destacaches como un gran profesional neses primeiros anos da espeleoloxía en Galicia.

Na Escola Galega de Alta Montaña, tiven a satisfacción de contar coa túa excelente disposición para o ensino do montañismo, como tamén, a túa alegre, necesaria e responsable presenza, sobre todo, como persoa sempre imprescindible en todas as actividades da Escola.

No mundo da Montaña e o montañismo, sempre te recordaremos Toñi, como imaxe dunha persoa alegre e servizal, comprometida tanto con Montañeiros Celtas, como coa Escola Galega de Alta Montaña e a Federación Galega de Montañismo, ademais, con

todo aquilo que tivese que ver co medio ambiente e a defensa e protección da montaña.

Querido amigo Toñi, todas as persoas que te coñecemos e tivemos a gran satisfacción de ter túa amizade, hoxe sentimos profundamente a túa despedida, pero sempre te recordaremos como unha BOA PERSOA, que viviches e camiñaches por este mundo facendo o ben, e que deixaches ao teu paso moitos amigos e amigas onde o teu recordo e imaxe sempre permanecerán vivos.

Toñi, se en vida estivemos xuntos, agora sempre me acompañarás nas miñas camiñatas por estas montañas de Trevinca en compañía doutros grandes amigos, todos seguidedes comigo para sempre, no meu corazón e dentro dos meus mellores recordos.

Ata sempre Toñi!!

Deica logo querido amigo!!

Cholo

En Vilanova de Trevinca,
22 de xaneiro de 2026



Escalando con Xoel Lores Rey

Empecei a escalar no 2016, cando tiña catro anos, porque a miña irmá Lucía tamén escalaba. Ao principio non entendía ben o que estaba facendo, pero non me importaba, encantábame escalar! Empecei no rocódromo do meu club, Montañeiros Celtas, parecíame xigantesco!!!! Vin aos maiores competindo (Lucía, Xián, Juan, Mara, Gael e Aloia) e quería ser coma eles.

Hai dous anos empecei a competir a nivel nacional, e por aquela época descubrín a miña modalidade favorita: a dificultade.



Pouco a pouco fun conseguindo as miñas primeiras cualificacións significativas: un 7a, un 7a+, un 7b. Hai uns anos fixen o meu primeiro 7b+ en rocha, e o ano pasado con 11 anos conseguín o meu primeiro 7c+/8A en rocha. Foi increíble.

O club e os meus adestradores axudáronme, e seguen axudándome moito nesta viaxe: Blanca, Lourdes, Vishnu, Adrián, Nacho, Joel, Raúl, Eloy e Penín.

Escalar faime sentir libre e feliz, e cada vía é un novo reto. Espero seguir mellorando e subindo cada vez máis alto! Xoel

EXPEDICIÓN POLAR MAR DE HIELO

23 xaneiro



O noso amigo, socio, alpinista e aventureiro Sechu López estivo no Auditorio do Concello de Vigo compartindo con máis de 180 persoas as súas vivencias na expedición "Mar de Hielo".

A través das fotos puidemos revivir con él esta travesía de 38 noites na que realizaron 613 km sobre o mar conxelado, percorrendo con éxito o Ramal Sur do mítico "Paso do Noroeste". Conseguiron chegar ao Polo Norte Magnético de Ross de 1831 e apreciar a inmensidade do oso polar.

m o e r e o r r e r o 1-2 novembro

En pleno outono visitamos a Serra do Gerês. Estaba espectacular.

O sábado partimos de Terras de Bouro cara a Campo do Gerês a través de bosques pintados de follas ocre, vermello de froito de albedo e moitas castañas, alfombras de castañas que quedaban alí sen recoller.

En Campo do Gerês fixemos noite na Casa da Juventude do Gerês. O albergue aséntase no medio dun bosque que non fai máis que aumentar o benestar do camiñante. Ceamos preto de alí e descansamos merecidamente.

Ao día seguinte, o domingo, almorzamos abundantemente no mesmo albergue antes de comezar a seguinte etapa que nos levaría de Campo do Gerês ata Lobios.

Esta etapa, aínda que rodeada igualmente de frondosos bosques, transcorre, na súa maior parte por pistas moi anchas e ben coidadas. Unha vez que chegamos a Portela de Homem, o descenso ata Lobios volve a coller forma de sendeiro natural.

En Lobios houbo que se deu un baño ben quente nas termas mentres outros agardabamos por eles no bar.



ende ro do ren e ro 16 de novembro

Acompañados inevitablemente pola chuva iniciamos o percorrido dende o parque municipal de Carballiño, cruzamos o río Arenteiro ata en cinco ocasións mediante pontes entre as que destacan as de Ponterriza e Castro Cavadoso.

Unha vez cruzamos Ponte Cavadoso chegamos a Pazos de Arenteiro. Aquí collemos un desvío para enlazar coa senda do Pozo dos Fumes que nos leva ata unha ferverza onde o río desaparece entre dúas grandes rochas.

Retrocedemos para seguir pola senda do río Avia e pronto chegamos a aldea abandonada de Viñoá, oculta entre bosques e rodeada de maleza, aínda así, as ruínas das súas casas emanan un encanto máxico.

O último tramo, antes de finalizar a ruta, transcorre entre outonais viñedos do Ribeiro. Pasando por Lebosende chegamos a Leiro mediante unha vella calzada e finalizamos a xornada.



Montaña no Val de Laciana

6-8 decembro

Nada foi como estaba previsto. Varios factores fixeron que tivesemos que modificar absolutamente as actividades previstas.

A abundante neve nos cumios e a hora de chegada a A Laciana condicionaronos para non realizar a subida á estación de esquí de Leitariegos dende onde pensabamos comezar subindo ata o pico Cueto Arbás e dende alí en continuo descenso cara o albergue El Cordal de Laciana. Nuns minutos cambiamos de obxectivo e tomamos rumbo ao Pico Miro (1985 m). Foi unha ruta preciosa e montañeira que ata nos brindou o pracer de pisar neve.

Ao día seguinte tampouco puidemos facer a ruta prevista Salentinos - Catoute - Bóveda - Salentinos porque o autobús no puido chegar a Salentinos xa que non cabía polas estreitas rúas de Palacios de Sil. Rapidamente buscamos unha ruta alternativa e as prodixiosas mentes dos organizadores tiñan a solución en cuestión de segundos. Sen tempo para asimilar o que acababa e acontecer, diriximos os nosos pasos cara ao GR 203 "Por dónde camina el oso" e o PRAS267 "Ruta de los arándanos". Resultou ser, unha vez máis unha ruta espectacular. Artavesamos brañas, rodeamos lagoas nevadas e nos adentramos nun dos máis asombrosos bosques de capudres (serval de cazadores) contemplado.

O luns, antes de volver, si que puidemos realizar a ruta prevista, A Devesa de Caboalles, un paseo entre carballos de gran embergadura, avelaeiras, capudres, acivros... Un pracer antes de despedirnos e tamén quedamos pendentes de volver para poder realizar as actividades que desta vez non puideron ser.

PD. O albergue, un dez. Boas camas, moi bo almorzo e inmejorables ceas. Todo imprescindible cando vai frío e as rutas son longas.



esta de Nadal 19 de Decembro

Xusto o día que Montañeiros Celtas celebraba a súa festa de Nadal, Papá Noel apareceu coa súa bicicleta disposto a apuntarse a ruta que tiñan prevista facer ao día seguinte polos montes do Morrazo, que xa escoitara el que nestas rutas comíase moi ben. Mágoa que polo mal tempo houbera que suspendela.

Durante a festa e como cada ano, moitos socios achegáronse a noso local para compartir un momento de saúdos e risas. Como todos sabedes sempre é un gran pracer formar parte destes encontros que van marcando o ritmo do transcurrir do ano montañeiro.



R R 21 de decembro

Ruta granítica da moura e ruta do contrabando

Realizamos estas dúas rutas xuntas xa que as dúas teñen puntos en común que as comunican.

Comezamos no pobo de Luintra por camiños e sendeiros adornados de formacións graníticas de formas tan curiosas como de tamaño notable.

Ao principio do camiño atopamos o mirador da Lampa dende onde podemos admirar o Mosteiro de San Estevo de Ribas de Sil. Seguimos camiñando e imos encontrando diferentes formacións tan particulares que teñen nomes propios como As codias, Os Penedos de Rufino, O Penedo do Trigo, O Vixiante ou a pedra longa.

Continuamos o camiño a través de bosques de carballos, castiñeiros centenarios, sendeiros e corredoiras de muros verdes e de cando en vez muíños que aguantan cada ano o embite das crecidas e as fortes chuvias

Ruta circular. Dificultad media.
Desnivel+ 540m



Bici polos montes do Morra o

27 de decembro

A semana pasada non puido ser pola chuva pero, desta vez, o día prometía lucir ata con sol.

Comezamos na Cruz de Maceira, en Moaña. Facía moito frío, así que ben abrigados comezamos a pedalear cara a Pastoriza.

Despois de visitar a fermosa ermida en ruínas de San Lourenzo e contemplar detidamente a ría de Pontevedra dende o banco da Pastoriza continuamos ata Cruz de Ermelo.

Paramos na de María e tomamos un avituallamento baixo un sol radiante que non quentaba nada, máis ao contraio, tivemos que arrancar ou corríamos o risco de quedar conxelados.

Pasamos polo Paralaia e baixamos para rematar no punto de partida.

O percorrido pódese catalogar de moderado. Se ben o desnivel non é moito o terreo ten certa dificultade técnica con abundantes raíces, zonas de pedras descompostas e camiños semipechados pola vexetación.

En todo caso resultou ser unha ruta disfrutona, desas que deixan bo sabor de boca e gañas de repetir.

Moderada 25 km/500 m de desnivel.



ESP LEO NO BIER O

17-18 de Xaneiro

A pasada fin de semana do 17 e 18 de xaneiro o GES M Celtas marchou á comarca do Bierzo para probar o seu patrimonio subterráneo.

O sábado, quedamos para almorzar cos compis de Club Pena Trevinca, CETRA, ASESOU, e EC Cornatel. Despois de esgotar a tortilla, Sergio do EC Cornatel levounos a Cova de Cornatel en Villavieja, onde nos maravillamos coas súas formacions, as súas galerías nevaradas e estalactitas de cristal. Ademais da extensa nidada de morcegos.

O domingo, xa pola mañá, introducímonos na Sima Cornatel, onde atopamos os seus misterios, tanto naturais como feitos pola man do home.

Unha fin de semana interesante, con amigos, e con cata de viños polo medio.

Esperamosvos na seguinte!!!

GES M Celtas





Convocatoria Asemblea Ordinaria e Extraordinaria

Estimado/a socio/a,

Segundo os artigos 20 e 21 dos nosos Estatutos, convocamos Asemblea Xeral Ordinaria e Asemblea Xeral Extraordinaria o próximo día 10 de abril ás 20:00 horas en primeira convocatoria e ás 20:30 horas en segunda convocatoria, no local social situado en Avda. Camelias 78 oficina K, segundo á orde do día que se expón a continuación:

Orde do día da Asemblea Xeral Ordinaria

- 1) Aprobación se procede, da acta da anterior Asemblea
- 2) Presentación e aprobación, se procede, das contas anuais de 2025
- 3) Presentación e aprobación se procede, do orzamento para o ano 2026
- 4) Presentación e aprobación, se procede da Memoria de actividades do ano 2025
- 5) Presentación e aprobación, do calendario de actividades do ano 2026
- 6) Propostas dos asociados
- 7) Rogos e preguntas

Ao remate da Asemblea Xeral Ordinaria convócase Asemblea Xeral Extraordinaria

Orde do día da Asemblea Xeral Extraordinaria

- 1) Convocatoria Eleccións á Presidencia

As actas da anterior Asemblea non serán lidas e estarán á disposición dos socios e socias na oficina do Club e/ou no Taboleiro de anuncios a partir do día 27 de marzo, xunto ao Censo de socias e socios con dereito a voto.

A documentación: Balances e conta de resultados de 2025, estarán dispoñibles a partir do día 31 de marzo.

As Propostas dos asociados deberán presentarse segundo os estatutos con 5 días de antelación a celebración da asemblea.

Non ignores o dereito e deber de PARTICIPAR no funcionamento do teu CLUB.

PARTICIPA!!!

"The Cave" © Julia Rogier Veyser, CYCEPHOTO 2025



CONCELLO DE VIGO



mendi tour

O mellor do / Lo mejor del Mendi Film

VIGO

7ª MOSTRA DE CINE DE MONTAÑA E AVENTURA

24 Febreiro / Febrero
20:00 Martes / Martes

Aldabide

Sección Oficial do MF 2025
Sección Oficial MF 2025

12' V.O - es



Eternal Solo

Sección Oficial do MF 2025
Sección Oficial MF 2025

31' V.O - it SUBT - es



Cantos y Flores

Mellor Pelicula de Deporte e Aventura MF 2025
Mejor Pelicula de Deporte y Aventura MF 2025

27' V.O - en / es SUBT - es

Un printemps au Mont Blanc

Sección Oficial do MF 2025
Sección Oficial MF 2025

38' V.O - fr SUBT - es

25 Febreiro / Febrero
20:00 Mércores / Miércoles

Bhagirathi III

Sección Oficial do MF 2025
Sección Oficial MF 2025

40' V.O - es

Dear Superhero

Sección Oficial do MF 2025
Sección Oficial MF 2025

14' V.O - en SUBT - es



L' Escalade du Futur

Sección Oficial do MF 2025
Sección Oficial MF 2025

52' V.O - en / fr / es / it SUBT - es



26 Febreiro / Febrero
20:00 Xoves / Jueves

Into Altai

Sección Oficial do MF 2025
Sección Oficial MF 2025

37' V.O - en / fr / mn SUBT - es

Ephemeral

Sección Oficial do MF 2025
Sección Oficial MF 2025

32' V.O - en SUBT - es



K2 Mon Amour

Mellor Pelicula de Alpinismo MF 2025
Mejor Pelicula de Alpinismo MF 2025

40' V.O - en / fr SUBT - es



AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO, Praza do Rei 1

ENTRADA GRATUITA ATA COMPLETAR AFORO

Organizadores

bbk
mendi film
bilbao · bizkaia



Patrocinadores



Colaboradores



www.mendifilmfestival.com



Edita: Club Montañeiros Celtas. Edición: Amelia Lago Andión
 Colaboran neste número: Melu, Cholo, Xoel, GES M CELTAS.
 Imprime: Copypucho
 DP: vg-40-1998

FEBRERO	DÍA	LUGAR E ACTIVIDADE	SECCIÓN
	7	CEA ANUAL	SOCIAL
	21	BICI DE MONTAÑA A DETERMINAR	BICI DE MONTAÑA
	22	SENDEIRO CASTRO LABOREIRO	SENDEIRO
	24-25-26	7º MOSTRA CINE DE MONTAÑA E AVENTURA. MENDITOUR VIGO	CULTURA

MARZO	DÍA	LUGAR E ACTIVIDADE	SECCIÓN
	7	I PROBA LIGA ESCALADA PROMOCIÓN- CORUÑA	FGM
	14-15	ESPELEO MEDULAS	ESPELEO
	15	SENDEIRO CAMIÑO DO MONXE. RIBEIRA SACRA	SENDEIRO
	21	BICI DE MONTAÑA A DETERMINAR	BICI DE MONTAÑA

ABRIL	DÍA	LUGAR E ACTIVIDADE	SECCIÓN
	2-5	MONTAÑAS DE ALTO BERNESGA - LEÓN	MONTAÑA
	10	ASEMBLEA	ASEMBLEA
	18	BICI DE MONTAÑA	BICI MONTAÑA
	19	SENDEIRO	SENDEIRO

MAYO	DÍA	LUGAR E ACTIVIDADE	SECCIÓN
	1-3	MONTAÑA NO COUREL	MONTAÑA
	1-3	ESPELEO	ESPELEO
	10	II PROBA LIGA ESCALADA PROMOCIÓN – PONTEVEDRA	FGM
	17	DÍA SENDEIRISTA	FGM
	24	SENDEIRO A DETERMINAR	SENDEIRO
	30	BICI DE MONTAÑA A DETERMINAR	BICI DE MONTAÑA
	30	ESPELEO SISTEMA A TRAPA	ESPELEO

XUÑO	DÍA	LUGAR E ACTIVIDADE	SECCIÓN
	6	III PROBA LIGA ESCALADA PROMOCIÓN- VIGO	ESCALADA
	13-14	CAMIÑO DOS FAROS	SENDEIRO
	20	BICI DE MONTAÑA A DETERMINAR	BICI MONTAÑA
	27	IV PROBA LIGA ESCALADA PROMOCIÓN – PONTEVEDRA	ESCALADA
	28	SENDEIRO A DETERMINAR	SENDEIRO

XULLO	DÍA	LUGAR E ACTIVIDADE	SECCIÓN
	5-7	MARCHA BIVAQUE	FGM
	7	ESPELEOPEQUES FOLÓN	ESPELEO
	8	ESPELEOPEQUES RAFTING	ESPELEO
	9	ESPELEOPEQUES CERVES SUPERIOR	ESPELEO
	11-12	CAMPAMENTO SOCIAL	SOCIAL
	19	SENDEIRO A DETERMINAR	

AGOSTO	DÍA	LUGAR E ACTIVIDADE	SECCIÓN
	1 AO 10	PIRENEO FRANCÉS. CANIGÓ	MONTAÑA
	12	ESPELEO / ECLIPSE	ESPELEO

**Publicorreo
Óptimo**

CLUB MONTAÑEIROS CELTAS
 Avda Camelias, 78. Oficina K - 36211 Vigo
 Teléfono: 986 438 505
 www.celtas.gal / info@celtas.gal